



Etnografía e Folclore: Relixión e crenza popular en Antonio Fraguas

Carlos Ramos Aguirre¹



1.- Introducción

Antonio Fraguas (1905-1999) é considerado un dos máis sobranceiros etnógrafos e folcloristas galegos pola súa grande achega ao estudo das manifestacións da cultura galega ao longo de toda a súa vida. Vencellado ao galeguismo dende tempos mozos, pertence a unha xeración de mozos para os que dito galeguismo agroma como unha arela común de facer algo por Galicia, á que ven «esquecida, asoballada, desleixada no material e no cultural» (Tobío, 1990:131). Polos primeiros anos 20 do século pasado un grupo de universitarios composteláns entre os que cabe salientar os nomes de Fermín Bouza Brey e Xosé Filgueira Valverde fundan o Seminario de Estudos Galegos (1923). O *Seminario* (en adiante SEG), de carácter investigador, persegue coñecer e dar a coñecer todo canto estea relacionado coa cultura, coa ciencia e coas artes de Galicia. Uniranse axiña a esta institución Cotarelo Valledor, os mestres do grupo *Nós* e moitas das mellores intelixencias do país. Tamén Fraguas ingresará formalmente no SEG en 1928, aínda que sabemos que xa viña acudindo de oínte ás súas xuntanzas dende uns anos antes (González Reboredo, 2006:92-117). Deste xeito Fraguas enceta o seu labor etnográfico polo ano 1928, no contexto do SEG, na sección de Etnografía e Folclore que dirixe Vicente Risco. Até daquela pouco fora o traballo de campo realizado en Galicia con verdadeira intención etnográfica, e será este un dato importante, xa que nestes oito anos de etnografía

¹ Carlos Ramos Aguirre é doutor en Humanidades e ciencias sociais pola U. Illas Baleares e licenciado en Socioloxía pola U. da Coruña. É socio do equipo de arquitectura. 2m8 Estudio A Coruña.